

RESUMO DE CONTIDOS

Que fixeron os romanos por nós?

Xeografía e Historia
1º ESO



Índice

Roma e o seu imperio.....	2
Introdución. Recordando ideas previas.....	2
A mítica fundación de Roma.....	3
A orixe e xeografía de Roma.....	3
Como foi o sistema de dominio romano.....	4
As grandes dinastías e os grandes emperadores.....	4
Un imperio de cidades e vías.....	5
Que sucedía no rural.....	6
A conquista e integración de Hispania e a Gallaecia.....	6
Unha breve introdución á dominación romana.....	6
A sociedade romana.....	8
A cultura romana: do Latín ao Cristianismo.....	9
A arte romana: a forxa do estilo Clásico.....	9
O baixo imperio romano e a crise final.....	12
O baixo imperio romano.....	12

Roma e o seu imperio

Introdución. Recordando ideas previas

Antes de iniciar un tema sobre o Imperio Romano, é útil recordar algunhas preguntas que seguro recordas da educación Primaria:

- Como se fundou Roma? Como pasou dunha monarquía a un Imperio?
- Cal foi a extensión do Imperio Romano? Como influíu a xeografía na súa expansión?
- Como era a sociedade romana? Cal foi o papel das mulleres e da escravitude? Era unha sociedade xusta?
- Cal foi o impacto das crenzas relixiosas na vida cotiá da poboación romana?
- Cal foi o impacto das artes e das infraestruturas romanas no noso presente? Cal foi o seu legado aínda vixente para nós?

O Imperio Romano deixou unha profunda pegada nos territorios que conquistou, e a actual España e Galicia non son unha excepción. Desde os seus monumentos e obras de enxeñería ata as súas tradicións e leis, a influencia romana segue presente en moitos aspectos da nosa vida cotiá. Seguro que coñeces monumentos como a Torre de Hércules, as Murallas de Lugo, a Ponte de Ourense ou de Pontevedra.

Como xa vistes nos retos anteriores (no de Prehistoria e Grecia), Roma emerxeu coma unha cidade-estado autónoma dentro da Idade de Ferro (Iº Milenio a.C.) ata converterse nunha enorme civilización, base da nosa cultura actual.

Tamén recordarás da túa etapa de Primaria, algunhas das ideas clave sobre Roma e a súa evolución ata desaparecer como Imperio no 476 a.C. Por exemplo...

1. Saber que Roma foi fundada, segundo a lenda, por Rómulo e Remo en 753 a.C.
2. Ter unha noción das tres etapas principais da historia de Roma: Monarquía, República e Imperio.
3. Coñecer onde estaba situada Roma e a extensión do Imperio Romano no seu máximo esplendor.
4. Saber que o Imperio Romano rodeaba o Mar Mediterráneo, que chamaban "Mare Nostrum".
5. Valorar que a poboación romana era politeísta e tiña deuses e deusas de orixe grego como Xúpiter, Xuno, Minerva e Marte.
6. Recoñecer que o latín era a lingua do Imperio Romano.
7. Ter unha idea dos logros arquitectónicos, como os acuedutos, as calzadas, os coliseos e os templos.
8. Ter noción dos xogos de gladiadores e outros espectáculos que se realizaban no Coliseo.
9. Ou sonaranche persoaxes tan famosos como Xulio César ou Augusto.

A mítica fundación de Roma

Roma foi fundada, segundo a lenda, no ano 753 a.C. polos irmáns xemelgos Rómulo e Remo. A historia conta que eran fillos de Marte, o deus da guerra, e da raíña Rea Silvia. Ao nacer, foron abandonados nunha cesta no río Tíber por orde do rei Amulio, que temía que os xemelgos o destronasen no futuro. A cesta quedou atrapada nunha zona de ribeira e os bebés foron atopados e criados por unha loba, que os alimentou co seu leite. Máis tarde, un pastor chamado Faustulo descubriunos e xunto coa súa esposa, Acca Larentia, criounos como se foran seus fillos.

Cando creceron, Rómulo e Remo decidiron fundar unha cidade no lugar onde a loba os atopara. Non obstante, os irmáns discutiron sobre quen debería gobernar a nova cidade e sobre onde debería ser exactamente construída. Para resolver a disputa, decidiron observar os paxaros como augurio. Rómulo viu máis paxaros, interpretando isto como un sinal de que el debería ser o rei.


A orixe e xeografía de Roma

A Roma histórica situábase na marxe esquerda do río Tíber, a 30 kms da súa desembocadura, rodeada de outeiros, por iso chamouse a cidade das sete colinas. Situábase no medio da Península Itálica, cun río navegable e preto da costa. Esta localización permitía o acceso ao mar e servía de ponte sobre o río, polo que as rutas converxían alí.

Antes de ser un imperio. Roma pasou por distintas fases:

- A Monarquía (753-510 a.C.): dende a fundación mítica da monarquía de Roma por parte de Rómulo, que logo continuaron monarcas como Numa Pompilio ou Tarquinio Prisco. O funcionamento da monarquía respaldaría o poder do rei como o primeiro da poboación patricia (clase alta romana) Expandiron o territorio cara ao sur, dominando Campania e Roma. Servio Tulio introduciu a constitución Serviana, dividindo a sociedade romana en catro clases.
- A República (do 510 a.C. - ao 27 a.C.): coa chegada da república, o poder do rei pasou a ser levado a cabo por dous cónsules durante un ano. Excepcionalmente, cando houbera problemas graves no estado, o Senado (máxima institución política) podería nomear una persoa ditadora (con poderes case ilimitados pero temporais - seis meses-) Co cambio de réxime comezaron as longas loitas entre dúas clases sociais: a poboación patricia e a plebea o que impediu que Roma se expandira. Pero, a partir do s. III a.C. Roma comezou a súa expansión na península Itálica contra a poboación etrusca, latina, volsca, equa e samnita (guerras samnitas).

Ao final destas guerras, Roma gobernaba toda Italia e logo estendeuse alén do Mediterráneo coa conquista de Cartago nas guerras púnicas, dominando o norte de África, Grecia e Macedonia e parte da




Bourrichon. *Punic wars-es* (CC BY-SA)

Península Ibérica e das Galias.

NormanEinstein. *Expansão etrusca-es* (CC BY-SA)

- O Imperio (14 a.C. - 456 d.C.): a partir de Augusto, gobernou o "princeps", o primeiro cidadán e máxima autoridade dos tempos imperiais. Trátase dun réxime autocrático (goberno dunha soa persoa). O imperio xurdiu tras a vitoria de Octavio Augusto sobre Marco Antonio no ano 27 a.C. O Imperio foi destruído definitivamente no ano 476 tras a caída de Roma nas mans da poboación bárbara.



Tataryn. *Roman Empire Trajan 117AD* (CC BY-SA)

Como foi o sistema de dominio romano

Despois da conquista, a poboación romana controlou de moi diversas formas os novos territorios, máis por alianzas que por sometemento. As cidades conquistadas podían ter

diferentes situacións segundo a súa importancia e a súa relación con Roma: Municipium, Colonia, Civitas Foederata, Civitas Stipendiaria.

As grandes dinastías e os grandes emperadores

A historia do Imperio Romano estivo marcada por varias dinastías e emperadores importantes que deixaron unha forte pegada. Estas dinastías e emperadores xogaron un papel fundamental no desenvolvemento e a transformación do Imperio Romano, cada un contribuíndo de diferentes maneiras á súa expansión, estabilidade e cultura.

As principais dinastías foron

A Xulio-Claudia: Augusto, Tiberio, Calígula e Nerón

Flavia: Vespasiano e Tito.

Antonina: Traxano, Adriano e Marco Aurelio.

Servera: Septimino Severo e Caracalla

Constantiniana: Constantino o Grande.



Furfur. Roman Empire 125 es (CC BY-SA)

Un imperio de cidades e vías

A base política e económica do Imperio Romano foron as cidades. En Oriente xa existían (como as Poleis gregas) pero en Occidente apenas había, co cal a poboación romana tivo que fundalas (como no caso de Hispania e Gallaecia). Por tanto, as cidades romanas eran centros importantes de administración, comercio e vida social no Imperio Romano.

A vida nas cidades era activa e variada, con mercados, espectáculos, e diversas actividades culturais e relixiosas. Estaban ben planificadas e construídas con elementos como:


- **Os foros** (praza principal) era onde estaban as tendas, as institucións políticas e xudiciais e o templo principal da cidade.
- **Os templos** eran numerosos a causa da ampla cantidade de deuses e deusas que había na mitoloxía romana.
- **Os teatros**, anfiteatros e circos, servían de espazos para o ocio social e localizábanse en distintos puntos da cidade.
- **Os baños públicos** era tamén moi importantes porque salvaban a inexistencia de auga e baños nas casas da xente (as persoas ricas si que tiñan). Nelas, ademais de baños e masaxes, tamén se facía deporte e actividades sociais.
- Por último, **os acuedutos** levaban auga ás casas máis privilexiadas e as fontes.

Estas cidades tiñan unha estrutura organizada, con rúas rectas que se cruzaban en ángulo recto, formando un plano de cuadrícula. As partes principais eran:

- **O Cardus**, era a vía principal que avanzaba pola cidade en dirección Norte-Sur.

- O **Decumanus** era unha vía transversal que cruzaba ao Cardo en sentido Leste-Oeste.
 - O **Foro** era a praza principal froito do cruce do Cardus e o Decumanus.
-

A casa típica das persoas romanas adobeiradas na cidade era a **Domus**, mentras que os peroas máis pobres vivían en pisos pequenos sen ningunha comodidade en edificios de varias alturas, chamadas **Insulae**.



JFJP. Domus Romana (CC BY-SA)

Que sucedía no rural

No Imperio Romano o rural era moi importante porque a maioría da xente vivía e traballaba no campo. O rural aseguraba o abastecemento de comida para as cidades e exércitos, facendo posible o crecemento do imperio.

Temos dous tipos de poboamento no rural romano:

1. As **vilas romanas**, que eran grandes propiedades rurais.
2. Por outra parte estaban as **aldeas**, lugares con vivendas moi sinxelas onde a poboación era escasa.

A conquista e integración de Hispania e a Gallaecia

Unha breve introdución á dominación romana

► **1ª fase (218-206 a.C.)** As Guerras Púnicas: para frear o avance cartaxinés (onde Aníbal, partindo da península Ibérica, pretende invadir Roma) os romanos Publio e Cneo Escipión desembarcaron en Emporion (colonia grega aliada da poboación romana) para cortar na retagarda os subministros que, procedentes da Península, eran enviados polo xeneral cartaxinés. Despois de 12 anos de loita, cara o 206 a.C., os romanos expulsaron aos cartaxineses da Península e ocuparon a franxa mediterránea e o val do Guadalquivir.


► **2ª fase (197-133 a.C.)** As Guerras Celtíberas: ampliación da área cara ao interior peninsular, coas campañas de Catón e Sempronio Graco, e logo avance sobre a Meseta e o litoral atlántico. A poboación romana venceu á lusitana, dirixida por Viriato, e á celtibera que resistía tenazmente en Numancia.



Rowanwindwhistler. Mapa cos Pobos Prerromanos da

Península Ibérica (CC BY-SA)

► **3ª fase (29-19 a.C.)** As Guerras cántabras: dominio do norte peninsular derrotando á poboación cántabra, ástur e galaica. Na campaña actuou o emperador Augusto.



[Ravenloft-commonswiki. As Guerras Cántabras](#) (CC BY-SA)

A organización do territorio conquistado

No século II a.C. Roma divide a Hispania en dúas provincias: Hispania Citerior e Hispania Ulterior.

A organización provincial de Augusto dividirá Hispania en tres provincias ata o século III d.C.: Tarraconense, Bética e Lusitania.

Finalmente, durante o Baixo Imperio, Hispania dividirase en: Hispania Bética, Lusitania, Hispania Tarraconense, Cartaginense e Gallaecia.



[Redelar. A división provincial de Augusto](#) (CCBY-SA)



[Arbaborix. División provincial de Diocleciano](#) (CCBY-SA)

A sociedade romana

1. **A poboación patricia:** Eran a clase alta e os máis ricos. Descendían das primeiras familias que fundaron Roma e tiñan moito poder e influencia. A poboación patricia era dona de grandes terras e ocupaban os cargos máis importantes no goberno e no exército. Moitas persoas patricias eran senadores. Durante o Imperio, a parte máis alta da sociedade era a familia Imperial.

2. **Plebe:** Eran a maioría da poboación e podían ser tanto persoas ricas como pobres. Incluían persoas agricultoras, artesás, comerciantes e traballadoras. Inicialmente, tiñan menos dereitos que a poboación patricia, pero ao longo do tempo foron gañando máis participación na política e máis dereitos. O seu representante era o Tribuno da Plebe. As persoas conquistadas que non eran esclavizadas, eran consideradas plebeas.

3. **Poboación Liberta:** Eran antigas persoas escravas que lograran a liberdade. Aínda que xa non eran persoas escravas, tiñan unha posición social inferior á cidadanía nada libre. Podían traballar e acumular riqueza, e os seus fillos e fillas xa nacían como persoas cidadás libres.

4. **A escravitude:** que veremos no punto seguinte.

Os oprimidos: mulleres e escravitude

Pero a sociedade romana era moi desigual e sobre todo había dous grupos marxinados (algo que debemos combater dende os obxectivos ODS2030): as mulleres e a escravitude:

- **As mulleres romanas** tiñan unha posición inferior aos homes e tiñan menos dereitos. A súa función principal era coidar da casa e dos fillos e das fillas. Aínda que as mulleres de familias ricas tiñan máis comodidades, todas as mulleres dependían dun home da familia para representalas legalmente. Polo tanto, non tiñan ningún tipo de dereito político, social ou económico. As mulleres que non eran patricias estaban dobremente explotadas, xa que traballaban como o resto da plebe ou da escravitude, mais atendían as súas tarefas domésticas e o coidado e crianza dos fillos e das fillas que tivera.
- **A escravitude:** a poboación romana consideraban ás persoas escravas cousas, non persoas. Eran as súas posesións e eran tratadas como tal. De tódolos xeitos, dentro da escravitude tamén había distintos grupos: persoas escravas domésticas do campo e do fogar, concubina, gladiadores e incluso persoas filósofas e artistas.

A cultura romana: do Latín ao Cristianismo

Paralelamente á conquista romana desenvolveuse a romanización, é dicir, a asimilación dos modos de vida e da cultura de Roma por parte dos pobos dominados.

Os elementos máis destacables foron: divulgación do latín, da relixión romana, imposición do sistema económico, social e xurídico romano e aceptación dos gustos e expresións artísticas-arquitectónicas romanas.

O Latín desenvolveuse desde o século VII a.C., influíndo nas linguas romances actuais. Foi a lingua de comunicación do Imperio e seguiu sendo utilizada na Idade Media e no Renacemento en sectores intelectuais, relixiosos e científicos. O latín segue vivo hoxe nas linguas romances e en terminoloxía científica, así como no idioma oficial do Vaticano e a igrexa católica.

A relixión romana ten a súa base no pateón grego (Xúpiter, Xuño, Minerva, Baco, Neptuno ou Vulcano) e latino (Lares Viais). Ademais asimilaron e permitiron o culto das divinidades dos pobos conquistados. Durante o Imperio os emperadores foron divinizados e rendirlle culto era moi importante. Finalmente, no século IV, o cristianismo converteuse na relixión oficial do Imperio.

O desenvolvemento urbanístico e arquitectónico foi enorme: circos, teatros (Mérida), anfiteatros, termas (Lugo), murallas (Lugo), acuedutos (Segovia), pontes, faros (Brigantia), arcos de triunfo, templos...

Para o desenvolvemento da actividade comercial desenvolveron unha importante rede de calzadas. Delas destacan na Península a vía Augusta (que ía paralela ao Mediterráneo e chegaba a Gadir (Cádiz) e a vía da Prata que unía Emérita Augusta (Mérida) con Astúrica Augusta (Astorga).

A arte romana: a forxa do estilo Clásico

As orixes da arte romana

A arte en Roma foi unha dos seus acenos culturais máis poderosos, feita para perdurar no tempo. Sempre se evidenciou a conexión entre a arte grega e a romana e, sen esquecer a devandita relación que foi evidente e así o podemos constatar hoxe en día, a arte romana tivo personalidade propia, especialmente nun aspecto que fixo que persista no tempo: a súa practicidade.

A arquitectura e os seus elementos

As persoas arquitectas romanos tomaron elementos alleos e transformáronos e combináronos en función das súas necesidades. Como elemento estrela empregaron o arco de medio punto e a cúpula, que permitiu elevar edificios a outra escala na antigüidade. As columnas son o elemento distintivo da arte clásica. A poboación romana tomou as columnas gregas para:


- Transformalas: collen a orde Dórica e a fan máis grácil e elegante transformándoa nunha orde Toscana.
- Combinalas: collen as ordes Xónica e Corintia gregas, para crear a orde Composta ou Romana.

Este afán por crear grandes arquitecturas tiña como función exaltar o poder de Roma, especialmente na época imperial, de aí as dimensións colosais e monumentalidade da súa arquitectura.

Nutro aspecto ten que ver coa funcionalidade da arquitectura, a poboación romana destacou polos seus coñecementos de enxeñería. Era tan alto que moitas desas obras chegaron ata hoxe en día. Pontes, acuedutos, termas, edificios de espectáculos, eran



Jean-Pol GRANDMONT. *Arte Romana* (CC BY)



Paolo Villa. *Os Orden clásicos* (CC BY)

funcionais. Por exemplo, as calzadas eran auténticas arterias que percorrían todo o territorio e, grazas a elas, favorecéronse as comunicacións e intercambios comerciais, pero tamén servían para recordar o poder de Roma en todo o seu territorio.

A arquitectura romana desenvolveu unha serie de edificios destinados a unha función concreta, aos que lle deron sempre a mesma forma (chamándose así tipoloxías). As máis importantes foron:

- O anfiteatro, para espectáculos de gladiadores, batallas e axustizamentos públicos.
- O circo, para carreiras de carros.
- O teatro, para representación teatrais, un espectáculo máis do gusto das clases altas.
- Os templos romanos, eran edificios adicados ó culto dos deuses e das deusas.

A escultura romana

A escultura foi unha das artes nas que Roma mostrou mellor a súa personalidade. Aínda que ao principio se inspirou nas esculturas etruscas e gregas, os romanos conseguiron crear un estilo propio.

Os dous tipos máis importantes de escultura romana foron o retrato, que buscaba mostrar o aspecto real das persoas, e o relevo histórico, usado para contar batallas ou feitos importantes.

A escultura desenvolveuse de dous xeitos distintos:

- A de vulto redondo, tamén chamada exenta, figuras para ser observadas desde todos os puntos de vista, xa que permitían xirar entornó a ela.
- O relevo, xeralmente con escenas de carácter narrativo, só permite un punto de vista, xa que un lado da figuración está anexa ó muro. Empregábase xeralmente para decorar edificios públicos e narrar fazañas militares.



[Ptyx](#). Estatua ecuestre de Marco Aurelio. 161-180 da EC. (CC BY-SA)

No tocante ós materiais, as persoas escultoras romanas empregaron o mármore, para as copias gregas e o bronce para outras estatuas, coma por exemplo a dos emperadores e das emperatrices.

O retrato romano é case un xénero propio na escultura romana. Parte como o resto da escultura da herdanza etrusca, como unha forma de representar os membros da familia falecidos, o que se denominou *imágenes maiorum*. Despois destacaran os retratos de personaxes importantes como os emperadores.

A pintura romana: a excepción de Pompeia

A pintura foi unha das artes máis destacadas en Roma, sobre todo como decoración das casas máis ricas, chamadas domus. As familias patricias e acomodadas querían encher as paredes con imaxes de cores, seguindo o gusto e o estilo dos gregos.

A pintura realizábase sobre a parede das vivendas, segundo a técnica do fresco, representando motivos xeométricos, animais, florais ou escenas humanas...



Diego Delso. Colexio dos Agustais (CC BY-SA)

A erupción do volcán Vesubio sepultou en lava as cidades de Pompeia e Herculano no século I. Foi unha gran catástrofe natural que permitiu conservar intactas dúas cidades romanas. En estas cidades conserváronse varias pinturas que as persoas expertas dividen en catro estilos.

O baixo imperio romano e a crise final

O baixo imperio romano

A caída do Imperio Romano de Occidente foi parte dun gran cambio no mundo antigo. A sociedade urbana e comercial de Roma transformouse nunha sociedade rural e agraria. Así rematou a civilización clásica, centrada na razón e nas persoas, e comezou unha época máis relixiosa e espiritual.

A caída do Imperio Romano non é froito das invasións bárbaras, senón que estas son o efecto do colapso económico sobre o monopolio comercial mediterráneo, a crise fiscal, a fuxida das elites ao campo para evitar impostos e colapsar o estado e o descalabro socioeconómico do modelo produtivo escravista. O Imperio Romano non debería superar a crise do século III, pero as reformas de Diocleciano (a tetrarquía e reorganización militar), de Constantino (a reforma monetaria e fiscal e a oficialización do cristianismo) e de Teodosio (división definitiva do Imperio entre os seus fillos e as súas fillas e inclinación do peso



Rowanwindwhistler. División do Imperio coa Tetrarquía (CC BY-SA)

político cara á Oriente/Bizancio), prorrogou dous séculos máis a agonía dunha entidade moribunda e fagocitada social e culturalmente.

A división do Imperio Romano tras Teodosio entre Oriente e Occidente (395 d.C.) confirma o afastamento entre dúas áreas ben diferentes en lingua, cultura, tradición, desenvolvemento económico e prosperidade urbana. Bizancio herda o mellor do mundo antigo: unha cultura refinada de fala grega e tradición clásica, pero combinada coa influencia oriental próxima e a relixión cristiá desde o seu nacemento. Foi o último reduto fosilizado da civilización clásica aos ollos de Occidente.

O gran legado do Baixo Imperio: o Cristianismo

Entre os séculos III e V produciuse un gran cambio na mentalidade relixiosa co triunfo do cristianismo. A crise do século III fixo desaparecer o optimismo da antiga Roma, e moitas persoas comezaron a preocuparse polo que sucedía despois da morte.

A xente vía o mundo como un lugar cheo de perigos e buscaba salvación en novas crenzas. Por iso se fixeron populares as relixións mistéricas, como as de Isis, Mitra ou Cristo, que prometían unha vida eterna a quen se convertese e formase parte da súa comunidade.

O século IV marcou un momento decisivo para o cristianismo. Co Edicto de Milán, no ano 313, o emperador Constantino permitiu que os cristiáns practicasen a súa relixión libremente. Máis tarde, no 380, o Edicto de Tesalónica do emperador Teodosio converteu o cristianismo na relixión oficial do Imperio. Estes cambios puxeron fin aos tempos de persecución e fixeron que o mundo antigo comezase a transformarse, dando paso ao que se chama Antigüidade Tardía, unha etapa de transición entre a civilización clásica e a época medieval.



“Que fixo por nós a poboación romana?”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)